



## **VII CARREIRA PEDESTRE POPULAR TORDOIA IN ESSENCE**

**Sábado 14 de maio de 2016  
Seixán, Cabaleiros (Tordoia)  
A partir das 16:45 h horas**

O Concello de Tordoia organiza a VII Carreira Popular Pedestre de Tordoia en Seixán (Cabaleiros) o sábado 14 de maio ás 18:45 horas e de acordo ao seguinte:

### **REGULAMENTO**

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta. O Control das carreiras estará a cargo da organización.
2. Categorías dos participantes:

#### **Categorías e horarios**

<b>CATEGORIA</b>	<b>ANO DE NACEMENTO</b>	<b>HORA</b>	<b>DISTANCIAS</b>
ANDAINA	Para todas as idades	16:45 h	6850 m
Xuvenil	1999-2000	17:45 h	6850 m
Junior	1997-1998	17:45 h	6850 m
Promesa	1994-1995-1996	17:45 h	6850 m
Senior	1993 ata veteranos	17:45 h	6850 m
Veterano/a 1	Nados/as entre 1976 e 1981	17:45 h	6850 m
Veterano/a 2	Nados/as entre 1967 e 1975	17:45 h	6850 m
Veterano/a 3	Nados/as entre 1957 e 1966	17:45 h	6850 m
Veterano/a 4	Nados/as en 1956 e anteriores	17:45 h	6850 m
Pitufo	Nados en 2011 e posteriores	18:35 h	100 m
Prebenxamín	Nados en 2009-2010	18:45 h	300 m
Benxamín e Alevín	2007-2008 e 2005-2006	18:55 h	700 m
Infantil e Cadete	2003-2004 e 2001-2002	19:00 h	1800 m

**ENTREGA DE PREMIOS AS 20:00 HORAS**

### 3. INSCRICIONS

- ✓ A inscrición da proba absoluta (de xuvenil a veterán) poderá realizarse na web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) con data límite o mércores 11 de maio ás 23:59 horas\*.
- ✓ A inscrición das carreiras escolares (de pitufo a cadete) farase tamén a través da páxina web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) debendo rellenar o formulario de inscrición (data límite: mércores 11 de maio ás 23:59 horas).

### PREZOS DA INSCRICION

▪ CATEGORIAS ESCOLARES (de pitufo a cadetes incluídos):	GRATUITA
▪ PROBA ABSOLUTA (de xuvenil a veterán):	5 €
▪ ANDAINA ADULTOS	5 €
▪ ANDAINA MENORES (de pitufo a cadetes incluídos):	GRATUITA

\* O pago da inscrición poderá realizarse pola pasarela de pago da páxina web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com). Para calquera dúbida co proceso de inscrición poderán poñerse en contacto co teléfono 981 291799 ou no em@il [FGAsantiago@gmail.com](mailto:FGAsantiago@gmail.com).

Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin se admitirán inscricións o día da proba.

### 4. PREMIOS E TROFEOS

Haberá trofeo para os 3 primeiros clasificados de cada categoría e sexo, e para o primeiro home e a primeira muller mellor clasificados empadroados no Concello de Tordoia da carreira absoluta.

Tamén outorgaranse trofeo os 3 primeiros clasificados da xeral absoluta (premios NON acumulativos).

Na andaian NON haberá premiación.

5. A saída terá lugar no Campo da festa de Cabaleiros (Seixán). Os participantes estarán na saída 5 minutos antes do comezo da súa proba.
6. A entrega de dorsais terá como tempo límite 30 minutos antes da proba e realizarase a carón da saída das probas. Os dorsais colocaranse nun lugar visible na parte anterior do corpo (zona próxima ao peito), respetándose a publicidade existente neles.
7. Está rigurosamente prohibido o acompañamento dos participantes e tamén a entrada ao circuíto de toda persoa allea á carreira.
8. Todos/as os/as corredores terán un Seguro de Accidentes Deportivos (MAPFRE), (no caso de non estar federados), e o correspondente R.C., polo que **estará prohibido correr sen estar inscrito dentro do prazo establecido.**

**9.** A Organización resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento. A participación nas probas suporá a total aceptación deste Regulamento.

**10.** Haberá servizo de duchas no Pavillón Polideportivo Municipal de Cabaleiros.

**11.** Todo o non recollido no presente regulamento rexirase pola normativa de probas en ruta da FGA e da RFEA en vigor.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súainscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda de Gasgow 13 15008 A Coruña.